

1 **As Persoas con Autismo poden padecer todo tipo de doenzas** que condicionen, se non son diagnosticadas e tratadas axeitadamente, a súa situación persoal e de conduta, o que leva consigo unha distorsión da súa "calidade de vida".

2 **As Persoas con Autismo necesitan ser respectadas.** O coñecemento da súa problemática vai aforrar tempo e custos innecesarios ao sistema sanitario. No caso de hospitalización é necesario que un familiar ou cuidador poida permanecer co paciente. A súa tranquilidade e recuperación serán maiores.

3 **A escasa ou nula colaboración destes pacientes** pode ser debida a unha forte axitación psicomotriz, manifestación dunha enfermidade ou signo de ansiedade extrema, produto dun determinado trastorno mental subxacente.

4 **Ao non permitir as Persoas con Autismo, nalgúns dos casos,** a auscultación ou intervención sanitarias, de "motu propio", atopámonos ante situacións inesperadas, violentas e desagradables. As medidas de "forza" deberían ser utilizadas soamente nos casos nos que unha sedación previa non sexa posible e a urxencia da intervención as faga indispensables.

5 **A atención médica axeitada para as Persoas con Autismo, faise necesaria** debido ás especiais características destas persoas, especialmente pola incomunicación, cando existe unha dor ou unha enfermidade. A pesar de poder padecer un problema de saúde, resistense a ser atendidos, o que supón un trastorno para eles mesmos, a súa familia e os profesionais que os atenden.

As Persoas con Autismo poden presentar "condutas desafiantes": É necesario: manter a calma, non berrar, introducir algún elemento de distracción e que o paciente estea acompañado, sempre que sexa posible, por unha persoa que coñeza. Se fose necesaria e imprescindible unha "contención mecánica", hai que contar coa información suficiente sobre o uso adecuado (legal) deste tipo de técnicas. As visitas programadas, de tipo preventivo, polos servizos ambulatorios e/ou hospitalarios, evitarán dificultades posteriores e reducirán o consumo médico.

No caso de que estes pacientes sexan incapaces de conceder por si mesmos o permiso de intervención, hase ter en conta, excepto en caso de urxencia e cando a vida do/a paciente corra perigo, a necesidade de autorización do seu representante legal, ben sexan os pais ou a persoa e/ou entidade que ostenten a súa tutela.

O persoal sanitario ten que ter en conta que as dificultades que presentan as Persoas con Autismo, á hora de realizar calquera intervención sanitaria, non só son froito dun estado de ansiedade ou temor ante o descoñecido, senón a non comprender a necesidade da mesma.

A programación dunha consulta ou intervención debería ter en conta que as longas esperas poden empeorar o estado do paciente e provocar unha maior ansiedade. Todas as consultas deberían ter a categoría de "preferentes".

As Persoas con Autismo poden presentar "condutas desafiantes": É necesario: manter a calma, non berrar, introducir algún elemento de distracción e que o paciente estea acompañado, sempre que sexa posible, por unha persoa que coñeza. Se fose necesaria e imprescindible unha "contención mecánica", hai que contar coa información suficiente sobre o uso adecuado (legal) deste tipo de técnicas. As visitas programadas, de tipo preventivo, polos servizos ambulatorios e/ou hospitalarios, evitarán dificultades posteriores e reducirán o consumo médico.

6

7

8

9

10